

TIPOS DE MERCADO OS FALLOS DE MERCADO

Exercicios autoavaliables

1. Explica as características que debe ter un mercado en competencia perfecta.
2. Define que son barreiras de entrada nun mercado e pon algún exemplo.
3. Se a empresa que intervéen nun mercado é prezo – aceptante está nun mercado...
4. Que diferenzas atopas entre un mercado de competencia perfecta e un de competencia monopolista?
5. Explica as razóns que poden levar a varias empresas nun mercado de oligopolio a chegar a un acordo entre elas.
6. Escolle un dos fallos de mercado vistos e aporta unha definición e un exemplo concreto.
7. O mercado provoca problemas de equidade? Xustifica a túa resposta.
8. Le o seguinte titular de prensa e responde ás seguintes preguntas:
“Os monopolios das vacunas anti – Covid costan vidas nos países pobres.”
 - a) Identifica que elemento supón unha barreira de entrada para as empresas neste sector e aporta unha definición.
 - b) Cal é o debate moral que se xera nesta situación?

Solucións

1. Explica as características que debe ter un mercado en competencia perfecta.

- a) *Existen moitos demandantes e oferentes, o prezo de todo o sector é o prezo de equilibrio do mercado, a empresa é prezo aceptante.*
- b) *Liberdade de entrada e saída das empresas no mercado, non existen barreiras de entrada.*
- c) *O produto é homoxéneo, non esta diferenciado.*
- d) *O mercado é transparente, todos dispoñen da mesma información. Non ten porque tratarse sempre dun lugar físico, xa que existen outros mercados como o virtual.*

2. Define que son barreiras de entrada nun mercado e pon algún exemplo

Impedimentos que frean o ingreso de novas empresas nun mercado determinado. Existen distintos tipo de barreiras: Patentes, concesións administrativas, tecnolóxicas, requirimentos de capitais elevados, etc.

3. Se a empresa que intervéñ nun mercado é prezo – aceptante está nun mercado...

...de competencia perfecta.

4. Que diferenzas atopas entre un mercado de competencia perfecta e un de competencia monopolista?

- a) *En competencia perfecta o produto é homoxéneo, en competencia monopolista os produtos son diferenciados aínda que os produtos cobren necesidades semellantes os produtores intentan diferenciar de cara ao consumidor mediante a publicidade.*
- b) *O prezo nun mercado de competencia perfecta é prezo – aceptante para as empresas, mentres que en competencia monopolista a empresa ten certo poder para fixar o prezo.*

5. Explica as razóns que poden levar a varias empresas nun mercado de oligopolio a chegar a un acordo entre elas

Lograr maiores beneficios grazas á fixación conxunta de prezos, a distribución de mercados ou á limitación da produción global.

6. Escolle un dos fallos de mercado vistos e aporta unha definición e un exemplo concreto.

Un incremento dos custos de produción produce un desprazamento da curva de oferta cara á esquerda, é dicir, contráese.

7. O mercado provoca problemas de equidade? Xustifica a túa resposta

Neste caso ao considerar o pan un ben normal, provócase un desprazamento da curva de demanda cara á dereita, expándese.

8. Le o seguinte titular de prensa e responde ás seguintes preguntas:



a) Identifica que elemento supón unha barreira de entrada para as empresas neste sector e aporta unha definición.

As patentes supoñen unha barreira de entrada, xa que representan o dereito en exclusiva para a utilización na produción dunha innovación ou invento durante un tempo determinado dende a súa solicitude. Este dereito pertence ao inventor, que o pode vender, doar ou legar.

Tódalas patentes se publican no Rexistro de Propiedade Industrial.

b) Cal é o debate moral que se xera nesta situación?

Por un lado, deféndese o descubrimento por parte dunha ou varias empresas de explotar aquel descubrimento no cal se inverteron importantes cantidades de recursos (diñeiro, tempo, tecnoloxía, etc.).

Por outro lado, estamos falando de que as patentes implican unha barreira de entrada para o resto de empresas, polo que os prezos de mercado serán superiores ó existir un número reducido de empresas neste sector. Sen esquecer que estamos falando dunha obxectivo desexable a nivel global, que é a vacinación da poboación humana contra unha enfermidade que provocou unha pandemia mundial.